

RESUMO INFORMACIÓN IMPORTANTE

COMEZO DE CURSO 2020/2021

- As clases comezarán:
 - **O xoves 10** para 3 e 4 anos de Ed. Infantil e 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria. O alumnado de 3 anos terá un horario diferente por quendas estas primeiras semanas (período de adaptación), que está exposto no taboleiro da entrada do centro.
 - **O venres 11** para 5 anos de Ed. Infantil, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria (este día terá que asistir tamén o alumnado dos cursos que comezaron o día anterior), polo tanto terá que estar no centro todo o alumnado de ed. Primaria e Ed. Infantil.
- O xoves día 10 hai convocada unha folga na educación primaria e os servizos mínimos no centro serán: un membro do Equipo directivo, a conserxe, un/ha mestre/a para cada grupo clase convocado para ese día (10 en total), e o persoal de comedor.
- **Este curso non hai servizo de madrugadores nin actividades extraescolares.**
- Respecto ás **entradas**:
 - En **primaria** faranse a partir das 8:50 (ata as 9:00). Non se farán filas; o alumnado entrará directamente pola porta peonil (rúa Colmeote). As familias non poden acceder ao recinto escolar. Os grupos de 1º, 3º e 5º entrarán pola porta A e os de 2º, 4º e 6º pola porta B (dereita):



- En **infantil** entrarán a partir das 9:00 (ata as 9:10) e este alumnado poderá vir acompañado dun/ha adulto/a. Empregarase a porta B para o alumnado de 4 e 5 anos e a porta A para os de 3 anos. Os/as alumnos/as de 4 e 5 anos entrarán de forma libre e individual (acompañados ata a porta B) mentres que os/as máis pequenos/as poderán facer unha fila no patio

cuberto superior, acompañados dun familiar, respectando a distancia interpersoal de 1,5 metros.

- Ao entrar ao colexio todos/as os/as alumnos/as terán que limpar os pés nas alfombras desinfectantes que hai en cada unha das entradas e o profesorado de garda estará vixiando en varias zonas do patio e do interior do centro para que se cumpran as distancias de seguridade, ademais de dispensarlle ao alumnado xel hidroalcólico para desinfectar as mans e tamén se lles medirá a temperatura **(en principio, a temperatura será medida só os primeiros días de clase, pero a medida que se reciban asinadas todos os documentos de compromiso por parte das familias de facelo antes de saír da casa, deixará de facerse e só se medirá en caso de alumnado que se atope mal ao longo da xornada escolar).**
- As titoras ou profesorado especialista co que teña clase cada grupo á primeira hora da mañá agardará polo seu alumnado no interior da aula, desde as 8:50 h.
- O alumnado de Educación Primaria obrigatoriamente debe traer posta unha máscara e ter outra de reposto na mochila gardada nun portamáscaras ou similar para cambiala ao cabo de catro horas de uso.. No caso de Ed. Infantil, o uso da máscara é recomendable pero non obrigatorio
- Nos recreos o alumnado estará separado por zonas, e prevense diferentes escenarios (climatoloxía adversa ou climatoloxía favorable), segundo os cales sairán ao patio diferentes grupos organizados en distintas zonas do mesmo en varias quendas para evitar a mestura de alumnado de diferentes aulas.
- Respecto ás **saídas**, prégase puntualidade e non permanecer nos arredores do centro unha vez recollidos os/as nenos/as. As saídas organizaranse da seguinte maneira:
 - O alumnado de infantil empezará a saír a partir das 13:45 de forma escalonada, comezando os/as alumnos/as de 3 anos, seguidos dos de 4 e rematando os/as de 5 anos pola porta que hai no patio do recreo de infantil de dá ao exterior do centro (Travesía Bispo Argaya). Alí cada titora entregará a cada neno/a ao pai/nai, titor/a legal ou familiar autorizado.



- A saída do alumnado de primaria farase a partir das 13:50 h. As titoras entregarán os/as nenos/as ás súas familias, que estarán a esperar fóra do recinto escolar.
 - Primeiro sairán 1º e 2º curso:
 - 1º curso sairá pola porta peonil que dá á Rúa Colmeote.
 - 2º curso sairá pola porta do aparcadoiro de mestres/as.
 - A continuación sairá o alumnado de 3º e 4º curso:
 - 3º curso sairá pola porta peonil que dá á Rúa Colmeote.
 - 4º curso sairá pola porta do aparcadoiro de mestres/as.
 - Por último, sairán os/as alumnos/as de 5º e 6º curso, todos eles pola porta peonil que dá á rúa Colmeote.



- Non se recollerán merendas ou materiais esquecidos na secretaría do centro para evitar o tránsito de persoas polo interior do mesmo.
- O equipo COVID do noso centro está formado por:
 - Enrique Blanco Guillén (Xefe de Estudos)
 - M^a Belén Bellón Navarro (Mestra de Infantil)
 - Ana Graña Piñeiro (Mestra de Primaria)
- En canto ao **comedor**, habilitouse o ximnasio como comedor para conseguir un aforo de ata 80 nenos/as mantendo as distancias de seguridade. En principio, vanse facer dúas quendas de comedor (entre as cales se deixaría 15 minutos para ventilar e desinfectar cadeiras e mesas):
 - **Primeira quenda** (de 14:00 ás 15:00 aproximadamente) → Alumnado de Ed. Infantil e 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria. Este alumnado podería ser recollido entre as 15:20 ou 15:30 h.
 - **Segunda quenda** (de 15:15 aproximadamente ás 16:00) → Alumnado de 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria. O alumnado desta quenda, cando remate de comer marchará para casa (os que teñan permiso para ir sós farano e o resto serán entregados á persoa encargada de recollelos). Antes de comezar a súa quenda agardarán nas aulas lendo ou facendo deberes ata



que lles toque baixar ao comedor. Haberá monitoras vixiando que non saian nin se mesturen entre eles.

- Os que sexan irmáns terán que agardar a rematar todos para poder saír.
- Todo o alumnado usuario de comedor terá un posto fixo asinado que non poderá ser cambiado durante o curso e que estará disposto en función da aula de referencia onde están no grupo de clase.
- Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza.
- SÓ PODERÁN FACER USO DO COMEDOR OS QUE TEÑAN CAUSA XUSTIFICADA COMO INCOMPATIBILIDADE HORARIA POR TRABALLO DOS PAIS E NECESIDADES SOCIAIS ACREDITADAS.
- Non se permitirá o uso esporádico (un día solto) polas dificultades de organización que iso conleva.
- Moi importante: antes de facer uso do comedor este curso, **estes días** tedes que **chamar ao centro (tlf. 881938386)** para dicir que días precisades do servizo e teñen que ser días fixos. Tamén podedes comunicar os días que usaredes o comedor mediante un correo electrónico ao centro **indicando no Asunto: Comedor.**
ceip.gandara.naron@edu.xunta.es
- Se un día non podedes vir dos que estaban comprometidos tedes que avisar antes das 9:00 para axustar os menús encargados o día anterior.
- O comedor comeza a funcionar o xoves 10 de setembro para o alumnado de 4 anos e o de 1º, 2º e 3º de primaria, que é o alumnado convocado ese día.
- O venres 11 incorporárase ademais o alumnado de 5 anos e de 4º, 5º e 6º de primaria.
- Os máis pequenos (3 anos) non se incorporarán ao comedor ata que non rematen o período de adaptación, a finais de setembro.
- **Lembrade que este ano os avisos non os colle Paula, se non a Directora, polo que tedes que poñervos en contacto co centro polo sistema que vos sexa máis cómodo, teléfono ou correo electrónico para dicir os días que usaredes o comedor. Se xa era difícil antes encaixar a todos/as os que querían facer uso do comedor agora o é moito máis por todas as medidas de hixiene e distanciamento que temos que ter en conta.**
- Recordade marcar a roupa dos/das vosos/as fillos/as, xa que este ano non pode quedar ningunha peza de roupa no colexio, polo que é moi importante lembrarilles que non se poden esquecer delas. Todos/as terán unha percha asinada onde so eles/as colgaran a súa roupa.
- Tamén é moi importante a concienciación de que non poden compartir ningún tipo de material, nin as botellas de auga ou merenda, ademais de recordarlles a importancia do lavado frecuente de mans e o uso de xel hidroalcohólico.
- En todos os baños do centro hai xabón en dispensadores e bobinas de papel secamáns para uso do alumnado, así como unha papeleira con tapa e pedal onde se desbotará unha vez secas as mans. O uso correcto dos mesmos é unha tarefa a conseguir entre todos, polo seu ben e polo noso.

- En todas as aulas do centro hai dúas portas, unha será de entrada (a que está situada na parte dos encerados) e outra de saída, a que está no fondo da clase. Na da entrada haberá dispensadores de xel hidroalcolico así como panos de papel e desinfectante, que so pode ser manipulado polo profesorado, así como unha papeleira con tapa e pedal onde se desbotarán os panos do nariz e os de limpar os utensilios de uso do profesorado.
- Lembrade non traer aos nenos/as ao colexio se presentan calquera destes síntomas:
 - Febre maior de 37,5°C
 - Tose seca
 - Dificultade respiratoria
 - Fatiga severa (cansazo)
 - Dor muscular
 - Falta de olfacto
 - Falta de gusto
 - Diarrea
- As merendas serán ao aire libre para poder estar sen a máscara. Lembrade que temos que ter moita precaución cos alimentos que traemos dadas as numerosa alerxias que hai, polo tanto segue prohibido traer froitos secos (cacahuets, noces, abelás...) ou alimentos que os conteñan, alimentos que teñan proteína láctea, aínda que poden conter trazas e alimentos que leven ovo.
- Manter unha correcta hixiene é norma fundamental no colexio, e aínda máis neste curso. Deberá traer todo o alumnado panos de papel desbotables xa que non poderán como outros anos usar o papel do baño para esa finalidade.

MOITAS GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN.

AUTORIZACIÓN PARA O USO DE IMAXEN E VÍDEO NO CURSO 2020-2021

D./Dna.

con DNI como representante legal do/a
alumno/a.....do curso

Autorizo o tratamento da imaxe e vídeo do/a alumno/a en relación coas actividades escolares e extraescolares promovidas polo centro e polos responsables e autoridades educativas na páxina web do centro e na revista escolar durante o curso escolar 2020/21.

Así mesmo, recoñezo ter sido informado/a da posibilidade de revogación deste consentimento en calquera momento.

Asinado:

**AUTORIZACIÓN PARA QUE OS NENOS/AS DE 5º E 6º DE E. PRIMARIA POIDAN
MARCHAR SOS/AS PARA A CASA OU ACOMPAÑANDO A UN IRMÁN MENOR.**

D/D^a.....con DNI nº:.....

pai/nai, titor/ra legal de.....do curso de

educación primaria,

- SI / NON doulle autorización para que vaia solo/a para á casa ás 14:00 h á saída do colexio.
- SI / NON para que vaia so/a á saída do comedor escolar.
- SI / NON para que vaia so/a á saída das Actividades de REFORZA-T

(Riscar o que non proceda)

E SI/NON autorizo a que acompañe a.....
(irmá/irmán) do curso.....

Asino a presente autorización para que non se responsabilice a ninguén do que poda ocorrer no
traxecto do colexio á casa.

Asdo:

Data:.....

DATOS PERSOAIS .

Nome e apelidos do alumno/a:.....

Curso e Grupo:

TELÉFONOS DE CONTACTO POR ORDE DE PREFERENCIA

ORDE	NOME E APELIDOS	TELÉFONO	INDICAR A RELACIÓN CO ALUMNADO
1			
2			
3			
4			
5			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

Enderezo electrónico:

Pai:.....

Nai:.....

Tipo de vía	Nome da vía	Número	Bloque	Andar	Porta
CP	Provincia	Concello	Localidade		

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Edificio Administrativo de San Caetano, S/N, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.es.

PERSOAS AUTORIZADAS A RECOLLER AO ALUMNADO.

ALUMNO/A:.....**CURSO:**.....

ORDE	NOME E APELIDOS	DNI	INDICAR A RELACIÓN CO ALUMNADO
1			
2			
3			
4			
5			
6			

Nome da nai, pai, ou titor/a legal do/a alumno/a

Asdo:

No caso de pais separados teñen que cubrir unha autorización cada un deles de non existir causa xudicial que o impida. O nome dos pais e DNI teñen que constar tamén nesta ficha.

Esta medida é pola seguridade dos vosos fillos e a persoa encargada de recollelos debe mostrar o DNI para asegurarnos que é quen di ser. Pedimos a vosa colaboración xa que hai moito alumnado e profesorado de nova incorporación e ao principio non recoñecemos a todos os pais. Grazas pola vosa colaboración.